

ACCIÓN FORMATIVA

UNIDADE IMPARTIDORA:

**CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN
AGROFORESTAL DE GUÍSAMO**

CONVOCA UNHA ACCIÓN DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS¹ SOBRE:

**SEGURIDADE NOS TRABALLOS DE ARBORICULTURA. TÉCNICAS
AVANZADAS DE TREPA**

DESTINADA ÁS PERSOAS VINCULADAS PROFESIONALMENTE COS SECTORES PRODUCTIVOS RELACIONADOS COA AGRICULTURA, GANDERÍA, INDUSTRIA AGROALIMENTARIA E CADEA FORESTAL-MADEIRA, OU CON EXPECTATIVA DE INCORPORACIÓN, EN ESPECIAL MOZOS E MOZAS DO MEDIO RURAL GALEGO.

LUGAR DE REALIZACIÓN: **CFEA GUÍSAMO**

PARROQUIA: **GUÍSAMO**

CONCELLO: **BERGONDO**

DURACIÓN HORAS: **20**

Nº DÍAS: **3**

HORARIO DE MAÑÁ: De **9,00** h. Ata **14,00** h.

HORARIO DE TARDE: De **16,00** h. Ata **19,00** h.

DATA DE INICIO: **29/09/2021**

DATA DE FINALIZACIÓN: **01/10/2021**

PRESENTAR AS SOLICITUDES, PREFERENTEMENTE, NAS UNIDADES IMPARTIDORAS ORGANIZADORAS DAS ACCIÓNS FORMATIVAS.

¹M01: Acci3ns de transferencia de coñecementos e informaci3n (art. 14). Submedida: 1.1. apoio 3s acci3ns de formaci3n profesional e adquisici3n de competencias do PDR de Galicia 2014-2020. Acci3ns cofinanciadas co 75 % Feader

Memoria explicativa

OBXECTIVOS:

Os cursos de trepa veñen caracterizados pola ensinanza das diferentes técnicas de trepa, así como todo o material básico a empregar e sempre relacionado coas medidas de seguridade e prevención que se deben gardar, ao tratarse de traballos aos que vai asociado un risco alto, ao manexar maquinaria (motoserras), realizar estes traballos en altura e con material vexetal de elevado peso. Os cursos de traballos en altura nas árbores deben diferenciarse en principio por niveis, dando os niveis máis básicos ata as técnicas máis avanzadas, tendo en conta en todo momento a seguridade no traballo. A gran especialización deste traballo, fai aconsellable a realización de accións formativas, que preparen a posibles candidatxs, para adquirir as destrezas necesarias para a realización desta profesión, coa máxima seguridade, tanto na execución como nas balizacións das áreas de traballo e organización dos diferentes elementos, materiais e persoal.

O CFEA de Guísamo no ano 2018 conseguiu a certificación SELLOARBOLEDA de calidade na formación, relacionadacoa arboricultura ornamental, sendo o primeiro centro do estado en conseguir esta acreditación.

<http://selloarboleda.org/>

-Asistimos nos últimos anos, a un crecemento dos accidentes laborais asociados a actividade forestal, en concreto na tala e apeo de arboredo. A análise do por que, levaríanos probablemente a supoñer unha falta de capacitación dxs operarixs que realizan estes traballos, en moitos casos trátase de particulares sen a formación necesario para levar a cabo estas operacións, pero igualmente poderíamos observar, que dentro dxs profesionais, necesítase un proceso de capacitación, especialización e continuo proceso de formación, para levar a cabo traballos con maior carga de dificultade.

PROGRAMA

- Equipo e materiais.
- Valoración da árbore. Perigosidade.
- Nós máis empregados. Aparatos.
- Ascenso DRT
- Ascenso SRT: Rope wrench, zigzag e Akimbo
- Anclaxes basais e en copa.
- Reenvíos.
- Desprazamentos